



**Concello de Portomarín**

---

**PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19**

**CAMPAMENTO “XUNTOS NO NADAL”**

**PORTOMARIN CONCILIA**

**2021-2022**



## Concello de Portomarín

---

### ÍNDICE

1. Introducción.....páx5
2. Ámbito de aplicación.....páx5
3. Normas Xerais de Aplicación.....páx5
4. Medidas de prevención básica.....páx7
5. Medidas de prevención específica.....páx8
6. Xestión de posibles contaxios por Covid-19.....páx10



## Concello de Portomarín

---

### **1. Introducción**

O presente protocolo ten por obxecto establecer as medidas preventivas, colectivas e individuais; así como organizativas do campamento “Xuntos no Nadal” enmarcado dentro do Programa de Conciliación municipal” Portomarín Concilia 2021-2022.

O conxunto de medidas que se recollen neste documento, teñen como referencia as instrucións establecidas no documento de “Recomendacións e medidas para o desenvolvemento das actividades de educación non formal e tempo libre adaptadas a situación Covid-19” emitido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Dito protocolo se desenvolverá de acordo a normativa vixente, sen prexuízo das modificacións que poidan realizarse posteriormente, de acordo ao que se poida dispoñer na normativa sobre esta materia. Ditas medidas poderán ser modificadas sempre que sexa necesario.

### **2. Ámbito de aplicación**

Este será de aplicación para a execución do servizo nas instalacións do Pavillón Municipal de Deportes do concello de Portomarín e dirixido ó persoal que preste o servizo; empresa xestora do servizo, persoal de administración e servizos e familiares dos alumnos/as.

### **3. Normas Xerais de Aplicación**

Os/as pais/nais/ titores legais dos alumnos/as deberán de firmar unha declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes normas:

- a) Informar ao persoal monitor no caso que algún participante/a presente síntomas covid-19. Nese caso poñeráse en coñecemento á entidade organizadora das actividades ca consecuente comunicación por parte de esta ao centro educativo que o porá en coñecemento ao Equipo Covid.



## Concello de Portomarín

---

b) Máscara obrigatoria durante as actividades para todos os participantes, salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.

d) Non estará permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais) nas instalacións. Os pais/nais/ titores ou outros análogos deberán de acompañar aos rapaces/as na porta habilitada en función do grupo de idade.

e) Os espazos contarán con aseos asignados (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias. Contarán tamén con dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas e saídas.

Para os participantes/as de 3 a 5 anos, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas. Para os participantes/as de 6 a 12 anos de idade extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas. Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte dos monitores/as.

f) Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou a botella de auga. Procurarase que este lugar sexa fixo durante todo o campamento.

g) A hixiene de mans, realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico, e será obrigatoria despois de tomar algún alimento, xogar, realizar algunha actividade ir ó baño, esbirrar, tusir ... ou cando o determine a persoa monitora.

h) No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade e no caso de menores de idade; procederase ao illamento desta persoa no vestuario habilitado. A monitora deberá de dar traslado da situación a persoa



## Concello de Portomarín

---

responsable da empresa organizadora, quen avisará a familia do menor e a que porá en coñecemento do responsable da corporación dita situación. O menor deberá de conter en todo momento a máscara posta no

- i) Favorecerase a formación específica dos/as monitores/as na prevención e protección ante a Covid-19 por parte da entidade organizadora das actividades.

### **4. Medidas de prevención básica**

O concello de Portomarín establece unha serie de medidas de prevención básica para o desenvolvemento das actividades:

- a) A hixiene de mans realizarase de xeito frecuente e meticuloso. Débese ter en conta que cando as mans teñen suciedade visible o xel hidro-alcohólico non é suficiente e é necesario usar auga e xabón. Evitar tocarse o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- b) Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cúbado flexionado ou usar panos de papel desbotable, non utilizar nunca as mans.
- c) Usar panos de papel desbotable para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso nunha papeleira con bolsa e tapa, desinfectando posteriormente as mans.
- d) Evitar darse a man.
- e) Ventilar as dependencias durante o maior tempo posible, sempre que as condicións ambientais o permitan.
- f) Estableceráse unha distancia interpersoal entre os alumnos/as de 1.5 metros.
- g) Os participantes/as deberán de acudir con máscara as actividades. Asimesmo, deberán de traer unha de reposto.



## Concello de Portomarín

---

### **5. Medidas de prevención específica**

#### **5.1 Limpeza e desinfección da aula/espazo habilitado.**

A limpeza e desinfección da aula ou espazo e aseos habilitados será realizado polo persoal de limpeza municipal habilitado polo concello durante os días de servizo.

Tarefas a realizar:

- Limpeza e desinfección dos aseos habilitados, que serán dous.
- Vaciado de papeleiras
- Limpeza de chans (mopa desinfectante)
- Ventilación

A desinfección do mobiliario ou materiais empregados que sexan comúns nas actividades será realizado principalmente polo monitor participando de forma activa os alumnos/as.

#### **5.2 Grupos estables e rexistro diario de asistencia**

Estableceranse dous grupos estables de convivencia, constituídos polo concello previamente ó inicio do servizo. O número de participantes/as ascende a cantidade de 29. A ratio por monitor será de un monitor por cada dez participantes segundo o Decreto 50/2000 (Título II, Capítulo II, artigo 47).

Realizaráanse subgrupos de un máximo de quince participantes por grupo. Atendendo ao número de persoas inscritas, realizaráanse dous grupos. Un deles constituído por 14 rapaces e rapazas de 3 a 5 anos de idade e outro de 15 rapaces e rapazas de 6 a 12 anos de idade. Intentarase establecer subgrupos formados pola metade do nº de participantes de cada un dos grupos, garantindo a distancia de seguridade entre eles.

Para a súa constitución seguirase a normativa vixente en relación ás restricións de aforo e agrupacións dictadas pola normativa e autoridades competentes.

Cada un dos grupos terá asignado o seu monitor/a. En ningún caso o monitor/a poderá participar en actividades do grupo que non sexa o asignado. Asimesmo, nin os/ as



## Concello de Portomarín

---

participantes nin os monitores poderán desprazarse en outros espazos que non sexan os habilitados para o desempeño do servizo.

Realizarase un rexistro diario de asistencias. A persoa encargada do mesmo será a monitor/a de cada grupo. Todas as actividades previstas para cada un dos días serán realizadas polo mesmo monitor/a.

### 5.3 Delimitación de espazos para cada un dos grupos

O espazo asignado para a realización das actividades será a pista do pavillón municipal de deportes. Estableceranse dous espazos diferenciados, asignando a cada grupo unha zona de xeito permanente ata o fin do campamento. Na medida do posible tamén se realizará unha división do espazo dentro de cada grupo. Na medida do posible realizarase unha división do espazo utilizado dentro de cada grupo.

Para o **uso dos aseos**, cada grupo terá asignado un aseo, cun cartel de sinalización na porta. Para o seu acceso, deberase de delimitar con balizas no chan un pasillo habilitado para o seu acceso sen ocupar en ningún caso o espazo delimitado para cada un dos grupos.

### 5.4 Entradas dos alumnos/as ás instalacións habilitadas para o servizo

As familias deberán de acompañar aos rapaces/as á persoa monitora responsable das actividades na porta de acceso ó centro habilitada para elo, garantizando a distancia interpersoal para o seu acceso.

- **O grupo de 3 a 5 anos accederán ás instalacións** na hora de entrada establecida pola porta de acceso sita **na Prza. do Camiño** donde tamén serán recollidos polas familias.
- **O grupo de 6 a 12 anos accederán ás instalacións** na hora de entrada pola porta de acceso sita **na Rúa/ Benigno Quiroga** donde tamén serán recollidos polas familias.



## Concello de Portomarín

---

**En ningún caso as familias poderán acceder ás instalacións** do Pavillón Municipal de Deportes, salvo autorización expresa da persoa monitora por causa xustificada.

### **5.5 Entrada do monitor/a ás instalacións habilitadas para o servizo**

O/a profesional accederá ás instalacións do centro educativo ás 09:50 de luns a venres. A monitora que forma parte do persoal municipal será quen teña a chave de acceso ás instalacións.

### **6. Xestión de posibles contaxios por Covid-19**

En caso de aparición de síntomas compatibles (febre, tos ou dificultade para respirar etc) do monitor/a este o comunicará a persoa responsable da empresa xestora da actividade co consecuente aviso a persoa responsable do Concello de Portomarín. Como criterio xeral, manteráse en aislamiento domiciliario preventivo, contactando co seu centro de saúde e seguindo as súas indicacións.